

PROXECTO DE APRENDIZAXE-SERVIZO:

Proposta de Restauración dos Hábitats Acuáticos do Humidal de Cospeito

Curso 2021-22

Roberto Bao (UDC)

Isabel Pardo (Uvigo)

Martiño Cabana (Asociación Galega de Custodia do Territorio)

ODS da Axenda 2030:

Educación de calidade

Auga limpa e saneamento

Acción polo clima

Vida de ecosistemas terrestres

PROBLEMÁTICA

O **Humidal de Cospeito** forma parte do espazo natural Parga – Ladra - Támoga, declarado como Lugar de Interese Comunitario na Rede Natura 2000 da UE. Forma parte tamén da Reserva da Biosfera de Terras do Miño.

Nos anos 50 do pasado século foi parcialmente desecado. Un proxecto de restauración a finais dos anos 90 permitiu a creación dun humidal semiartificial que incluía unha lagoa semellante á orixinal, pero de menor extensión. Con todo, a falla de mantemento provocou nos últimos anos unha aceleración da colmatación e perda de ambientes lacustres.



Humidal de Cospeito, ano 1956



Humidal de Cospeito, ano 2016



Casa das Ínsuas (Rábade, Lugo)

A **Asociación Galega de Custodia do Territorio (AGCT)**, con sede na Casa das Ínsuas, promove a conservación e uso sustentable de espazos naturais de gran interese ecolóxico e/ou cultural en Galicia.

Os estudantes de **Conservación e Restauración de Ecosistemas Acuáticos** do Máster Interuniversitario en Biodiversidade Terrestre desenvolveron ideas encamiñadas á restauración de hábitats degradados no humidal para uso da AGCT

Proxectos desenvolvidos (2021-22):

- Recuperación do réxime hídrico
- Reducción da eutrofía
- Mantemento do estadio sucesional herbáceo nas marxes
- Creación de hábitats para especies ameazadas
- Control de especies invasoras
- Concienciación pública dos valores do espazo

